

**BASES QUE RIXEN NA CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE UN AUXILIAR DE PROTECCIÓN CIVIL PARA ATENCIÓN A PEREGRINOS BAIXO A MODALIDADE DE CONTRATO LABORAL TEMPORAL POR OBRA OU SERVICIO DETERMINADO**

**BASE PRIMEIRA. OBXECTO DA CONVOCATORIA**

O obxecto da presente convocatoria é a contratación en réxime de dereito laboral de un auxiliar de protección civil para atención a peregrinos do Camiño Inglés durante o ano xacobeo, baixo a modalidade de contrato temporal por obra ou servicio determinado ao abeiro do artigo 15 1 c) do Estatuto dos Traballadores.

O persoal contratado, estará suxeito durante a súa relación laboral á normativa sobre incompatibilidades prevista para os empregados públicos (Lei 53/1984, de 25 de decembro).

**BASE SEGUNDA. RETRIBUCIÓNS E FINANCIAMENTO**

A cuantía das retribucións será imputable ás seguintes partidas:

- Sueldo: 432.131.00
- Cuotas patronais seguridade social: 313.160.00

O importe das retribucións será as establecidas no Convenio colectivo de persoal laboral do Concello de Oroso para postos do Grupo 4.

**BASE TERCEIRA. DURACIÓN DO CONTRATO E FUNCIÓNS DO TRABALLADOR**

Os aspirantes seleccionados no presente proceso selectivo incorporaranse ó concello, dándose de alta na seguridade social e demais requisitos legais, tendo o contrato a duración ata a finalización do ano santo Xacobeo o 31 de decembro de 2010.

A xornada laboral ordinaria será completa (37,5 horas semanais) a quendas fixada polo Concelleiro da área, sen perxucio que debido a necesidades do servicio pódase requirir a presenza do traballador en outros horarios, coa compensación oportuna de conformidade co convenio colectivo vixente, polo cal o traballador terá dispoñibilidade horaria plena.


As funcións do traballador seleccionado será as seguintes:

1. Inspección do camiño inglés no término municipal de Oroso comprobando o seu estado de conservación e mantemento, así como información das deficiencias detectadas.
2. Información ao Centro de Atención ás Emerxencias 112 a tempo real- incidencias, solicitudes de axudas, alertar en situacións de emerxencia, etc.
3. Orientación dos peregrinos e atención en primeira instancia de peregrinos feridos e lesionados de carácter leve ou a colaboración na busca e rescate de peregrinos..
4. Colaborar na prevención, apoio e cobertura en grandes eventos e concentracións humanas derivadas de actos do Xacobeo 2010.
5. Apoio en actos protocolarios e recepcións, canalización do público e visitantes, etc.
6. Vixianza e custodia dos centros habilitados polo concello para o albergue de peregrinos, coma o Pavillón Polideportivo, e apertura e peche dos mesmos.
7. Deberá actuar de forma coordinada cos demais servicios do concello, especialmente a Policía Local e Agrupación de Voluntarios de Protección Civil.

Aprobado por Resolución  
da Alcaldía do

20 ABR. 2010

O Secretario



#### BASE CUARTA. PUBLICIDADE

Publicarase anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

As bases íntegras publicaranse integramente no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web do Concello de Oroso; igualmente facilitarase copia das mesmas na Oficina do Rexistro Xeral do Concello.

Os resultados das probas, a efectos de notificación dos interesados, así como as citacións e emprazamentos dos mesmos, levaranse a cabo unicamente a través da Oficina de Anuncios do Concello.

Resolución  
Aprobada por el Alcalde  
da Orosos

20 ABR.

O Secretario,

#### BASE QUINTA. REQUISITOS DOS TRABALLADORES

1. Ser español e maior de 16 anos, con idade non superior á xubilación, sen prexucio do disposto na legalidade vixente para o acceso dos nacionais dos Estados membros da U.E., así como os estranxeiros residentes en España.
2. Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións públicas, nin estar incurso en ningunha causa de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para exercer funcións similares ás das presentes bases. No caso de ser nacional de outro Estado, no estar inhabilitado ou en situación equivalente ni estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
3. Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das correspondentes funcións.
4. Estar en posesión do título de Graduado Escolar, Formación Profesional de primeiro grao ou equivalente.
5. Ser titular dos permisos de conducir da clase B con BTP na data en que remate o prazo de presentación de instancias.
6. Haber superado o curso básico de protección civil.

Os requisitos para concorrer están referidos ó último día de presentación de instancias, os interesados que asinen a instancia de participación deberán reunir os requisitos da presente convocatoria, do contrario quedarán automaticamente eliminados, unha vez comprobada a documentación na fase de acreditación da mesma.

#### BASE SEXTA. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

Os interesados deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello no prazo de dez días hábiles contados dende a publicación das bases da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, a seguinte documentación:

- 1.- Solicitud de participación anexa ás Bases.
- 2.- Fotocopia compulsada de DNI.
- 3.- Certificado médico oficial que acredite o non padecemento de enfermidades que inhabiliten para o desempeño das funcións do posto de traballo.
- 4.- Fotocopia compulsada do título de Graduado Escolar, Formación Profesional de primeiro grao ou equivalente.
- 5.- Fotocopia compulsada do documento acreditativo de haber superado o curso básico de protección civil.
- 6.- Fotocopia compulsada dos permisos de conducir da clase B con BTP.
- 7.- Acreditación dos méritos alegados.

A presentación da documentación poderá facerse en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/92. Non obstante, e dada a urxencia da contratación, os aspirantes que presentasen a documentación noutros lugares que non fose o rexistro do Concello deberán remitir un fax ao número 981-691786 dando aviso da presentación de instancia. Se non o fixeran así non se terán en conta as solicitudes que cheguen ao Concello con posterioridade ao prazo previsto nestas bases para a aprobación provisional da lista de admitidos e excluídos.

En todo caso non se terán en conta as solicitudes que cheguen ao Concello máis alá dos sete días naturais dende o prazo de remate de presentación de solicitudes.

#### BASE SÈTIMA. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes aprobarase por Resolución de Alcaldía nun prazo non superior a 4 días hábiles unha relación provisional de aspirantes especificando o cumprimento dos requisitos expostos na base quinta.

Os aspirantes terán un prazo non superior a 5 días hábiles para a subsanación de deficiencias, dende a publicación no taboleiro de anuncios da devandita relación.

Nun prazo non superior a 3 días hábiles dende a terminación do prazo anterior publicarase a relación definitiva de admitidos e excluídos nas probas selectivas que será publicada no taboleiro de anuncios do concello.

Non obstante, no caso de non necesidade de subsanación a publicación da relación de aspirantes provisional será automaticamente elevada a definitiva.

Na resolución definitiva de admitidos e excluídos emprazarase ós aspirantes admitidos para a cita á entrevista curricular sinalada na base novena.

#### BASE OITAVA. TRIBUNAL CUALIFICADOR

A selección dos aspirantes levarase a cabo por un Tribunal Calificador que estará integrado polos seguintes membros:

Presidente: Damiro Núñez Méndez (secretario da corporación).  
 Vocais: Félix M. Carrasco del Pozo (interventor do Concello)  
 M<sup>a</sup> Dolores Cores Liste( funcionaria do Concello)  
 Ana María Liñares Castro (funcionaria do Concello).  
 Manuel Suárez Bermúdez (arquitecto municipal)  
 Uxía Lemus de la Iglesia (funcionaria do Concello)

Secretario: Javier Santos Iglesias (funcionario do Concello)

Para a válida constitución do tribunal deberán asistir o presidente e secretario e dous vocais.

O tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e demais circunstancias e incidencias se plantexen durante o proceso selectivo así como tomar os acordos que procedan en orden á cobertura de prazas convocadas, podendo dispoñer a incorporación de asesores especialistas que estime necesarios, con voz pero sen voto.


#### BASE NOVENA. SISTEMA DE SELECCIÓN

Será o concurso de méritos.

Aprobado por Resolución  
da Alcaldía do

20 ABR. 2010

O Secretario,



**Primeiro.-** Valoraranse os méritos determinados que a continuación veñan alegados e plenamente xustificados polos aspirantes. No suposto de non constancia documental de méritos ou que a mesma sexa incompleta, imposibilitando ó Tribunal a súa comprobación exacta ou determinación, non se terán en conta.

- A. As certificacións de realización de cursos só se valorarán si constan acreditados o número de horas de duración dos mesmos. En caso contrario obterase a puntuación mínima prevista no baremo de puntuacións por horas establecido.

Os cursos sobre a mesma materia ou tema só valoraranse unha vez, por aquel que acredite maior número de horas.

- B. A prestación de servizos deberase acreditar mediante a presentación de contrato de traballo ou certificado emitido por órgano competente dos servizos prestados.
- C. Os títulos ou certificados deberán acreditarse mediante a presentación de copia compulsada do orixinal ou certificado do órgano competente.

Puntuarase conforme ó seguinte baremo:

**A. Experiencia profesional( máximo 3 puntos)**

A puntuación otorgarase por hora efectiva de traballo. As puntuacións serán as seguintes:

- Por servizos prestados en operativos de intervención de protección civil en Administracións públicas ou como membro en Agrupacións de Protección Civil: 0,005 puntos/hora

Aprobado por Resolución  
da Alcaldía do

20 ABR. 2011

Secretario.

**B. Coñecemento de linguas estranxeiras ( máximo 1 punto)**

1. Certificado da Escola Oficial de Idiomas, idioma inglés:
  - Ciclo elemental (RD 1967/1998), Nivel Básico (RD 944/2003) ou Nivel Intermedio (B1) (LOE): 0,5 puntos.
  - Aptitude (RD 1967/1998) ou Nivel Avanzado (B2) (LOE): 1 punto.
2. Certificado da Escola Oficial de Idiomas, idioma alemán ou francés:
  - Ciclo elemental (RD 1967/1998), Nivel Básico (RD 944/2003) ou Nivel Intermedio (B2) (LOE): 0,25 puntos.
  - Aptitude (RD 1967/1998) ou Nivel Avanzado (B2) (LOE): 0,50 puntos.
3. Licenciatura en Filoloxía Inglesa: 1 punto.
4. Licenciatura en Filoloxía alemana ou francesa: 0,50 puntos.

Só se valorará un nivel, excluindo o superior ao nivel inferior, así coma unha soa titulación por idioma.

Só valoraranse os títulos de licenciaturas expedidas por universidades españolas ou aquelas estranxeiras expresamente homologadas as licenciaturas recollidas neste apartado por Resolución do Ministerio de Educación.

**C. Formación complementaria ( máximo 2 puntos)**

-Cursos, valoraranse conforme ao seguinte baremo:

- Cursos de formación ou perfeccionamento en materia de protección civil impartidos por Comunidades Autónomas ou Administracións Locais.

- \* De 4 a 9 horas de duración: 0,50 puntos por curso.
- \* De 10 horas de duración en adelante 0,75 puntos por curso.

**D. Coñecemento da lingua galega ( máximo 1 punto)**

Certificado Xunta de Galicia de nivel de iniciación : 0,50 puntos  
Certificado Xunta de Galicia nivel perfeccionamiento: 1 punto

Só se valorará un nivel excluindo o superior ó de nivel inferior.

Aprobado por Resolución  
da Alcaldía do

20 ABR. 2014

O Secretario,

**Segundo.- Entrevista curricular ( máximo 3 puntos)**

Por parte do Tribunal realizarase unha entrevista curricular dirixida a apreciar a adecuación entre os méritos dos aspirantes e o perfil do posto de traballo a ocupar. A citada entrevista calificarase de 0 puntos ata un máximo de 3 puntos.

A non concorrencia á entrevista determinará a exclusión do proceso selectivo.

**DECIMA.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN.**

A orden de clasificación definitiva de tódolos aspirantes virá determinado pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso; en caso de empate, este resolverase pola obtida na entrevista, e se persistise o empate, por sorteo. A orden de clasificación definitiva determinará a proposta de contratación do Tribunal.

En ningún caso o Tribunal calificador poderá propoñer para a contratación maior número de aspirantes que prazas convocadas.

Si se producise algunha vacante nas prazas ofertadas durante a vixencia dos contratos, serán chamados aqueles aspirantes que non superasen estas probas por orde de puntuación, sempre que reunisen os requisitos da convocatoria.

**UNDÉCIMA.- RECURSOS.**

Contra a Resolución da Alcaldía que aprobe as presentes bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia, segundo o artigo 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Asemade poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición perante o alcalde-presidente, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte da publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia (artigos 116, 117 e 48 da Lei 30/92, de 26 de novembro, do Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común). No caso de que interpoñerse recurso potestativo de reposición, ata que sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo (artigo 116 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común).

**ANEXO I**

**MODELO DE SOLICITUDE.**

D/ D<sup>a</sup>....., con DNI número....., e domicilio, para os efectos de notificación, en....., C.P....., teléfono.....

Expón:

Que desexa participar no concurso convocado para a provisión do posto de traballo de auxiliar de protección civil para atención a peregrinos do Camiño Inglés durante o ano xacobeo mediante contratación en réxime laboral temporal por obra ou servizo determinado, dacordo coas bases da convocatoria aprobadas por Decreto de Alcaldía de 20 de abril de 2010

Para tal efecto fai constar:

- Que coñece e acata incondicionalmente as bases da convocatoria que rexen o presente proceso selectivo.
- Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na base quinta da convocatoria.
- Que achega coa presente solicitude os méritos e documentación xustificativa para a súa estimación

Solicita:

Ser admitida/o a participar no referido concurso.

Asinado e rubricado.

Documentación que achega:



Aprobado por Resolución  
da Alcaldía do  
20 ABR. 2010  
o Secretario.